

MEMORIA ANUAL 2024



Plataforma polo Emprego
G 15795818

Rúa Concheiros, 33 1º andar
CP 15703 Santiago de Compostela
A CORUÑA

981 580 506
info@plataformapoloemprego.org

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2024

O presente documento recolle a Memoria de Actividades desenvolvidas durante o ano **2024** pola Asociación Plataforma polo Emprego, sinalando aquelas máis relevantes atendendo ao cumprimento dos fins da entidade.

PLATAFORMA POLO EMPREGO agradece a todas as entidades públicas e privadas, así como as persoas que día a día ou de xeito puntual colaboraron coa asociación na promoción da inserción laboral e a integración de persoas en situación de exclusión social.

De igual maneira, agradece a todas as persoas que participaron nas actividades e proxectos levados a cabo pola entidade.

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	04
ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS E SERVIZOS PRESTADOS.....	05
Programa ESTEO	06
Programas EMERXENDO/ACHEGANDO	07
Programa INSIRE	08
CABO DELA	09
ACAROAR	10
COMPOSTELA CONVIVE	11
PACTO LOCAL POLO EMPREGO	12
SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL	
Colaboración Servizo Público de Emprego de Galicia.....	13
TRABALLO DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL	
Programas de Cooperación.....	13
PROMOCIÓN DO EMPREGO E O EMPRENDEMENTO	
Compostela Inserta.....	14
TRABALLO EN REDE E ACCIÓN SOCIAL	
Asociación XIARA.....	19
Foro Galego de Inmigración.....	20
DATOS DAS ACTIVIDADES E/OU SERVIZOS REALIZADOS 2024.....	21
FINANCIAMENTO concedido 2024.....	25

INTRODUCCIÓN

PLATAFORMA POLO EMPREGO continúa coa súa misión de promover a inserción laboral e a integración social de colectivos en risco de exclusión, mantendo o seu compromiso coa transformación social desde 1998. Ao longo dos anos, consolidouse como un referente no ámbito do emprego en Santiago de Compostela e a súa contorna, ofrecendo servizos de orientación, formación, intermediación laboral e potenciando a economía social (empresa de inserción).

O 2024 está marcado por novos desafíos e tendencias que afectan ao mercado laboral e á realidade social de Galicia. A dixitalización e a automatización continúan transformando os sectores produtivos, xerando novas oportunidades pero tamén novas barreiras de acceso ao emprego para persoas con menos competencias dixitais. Neste sentido, a necesidade de formación e cualificación profesional cobra especial relevancia, sobre todo en sectores emerxentes como a economía verde, as enerxías renovables e os servizos de coidado, fundamentais no contexto do envellecemento da poboación galega.

Por outra banda, o impacto do cambio climático faise cada vez máis evidente, con eventos meteorolóxicos extremos que afectan tanto á economía como ao benestar social. A crise da vivenda tamén se intensificou, cun incremento dos prezos de alugueiro e unha escaseza de vivendas accesibles, o que dificulta a autonomía económica de moitas persoas en situación de vulnerabilidade. Ademais, o acceso ao mercado laboral segue condicionado pola fenda de xénero, as dificultades das persoas novas para atopar emprego estable e a precariedade laboral en sectores con alta rotación.

Neste contexto, **PLATAFORMA POLO EMPREGO** reforza o seu labor cunha aposta decidida pola innovación social, o acompañamento personalizado e a colaboración con empresas e administracións para facilitar itinerarios de inserción laboral adaptados á nova realidade. A través da formación, da orientación especializada e do impulso da economía social, a entidade continúa traballando para que ningunha persoa quede atrás, converténdose nun motor de cambio para unha sociedade máis xusta e inclusiva.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS E SERVIZOS PRESTADOS

ORIENTACIÓN, FORMACIÓN E ACOMPAÑAMENTO Á INSERCIÓN SOCIOLABORAL

En 2024, **PLATAFORMA POLO EMPREGO** e o seu equipo humano lograron manter e fortalecer os servizos integrados de emprego, consolidando o **PROGRAMA ESTEO** (Fundación José Otero e Carmela Martínez), un espazo INNOVADOR en Galicia para a procura de emprego colaborativa entre persoas de diferentes perfís.

Ademais, reforzáronse colaboracións clave con excelentes resultados en programas como:

- **EMERXENDO e ACHEGANDO** (Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade)
- **INSIRE** (Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade)
- **CABO DELA** (Deputación da Coruña)
- **ACAROAR** (Concello de Santiago – Igualdade)
- **COMPOSTELA CONVIVE** (Concello de Santiago - UAMI)
- **PACTO POLO EMPREGO** (Concello de Santiago – Departamento de Emprego)
- **REDE DE ORIENTACIÓN LABORAL E REDE DE TÉCNICOS DE EMPREGO** (Xunta de Galicia – Consellería de Emprego, Comercio e Emigración)

O equipo de **PLATAFORMA POLO EMPREGO** tamén participou activamente no **TALENTIA SUMMIT 2024**, un evento clave para a promoción do talento e a empregabilidade en Santiago de Compostela.

Unha rede social comprometida

En **PLATAFORMA POLO EMPREGO** participan entidades de carácter social de Santiago de Compostela e a súa área de influencia: Asociación de Empregadas/os de Fogar Xiara, Asociación Fonte da Virxe, Asociación de Mulleres Recandea, Asociación Veciñal A Xuntanza, Asociación Veciñal Polígono de Vite, Asociación de Empresas de Inserción de Galicia, Foro Galego de Inmigración, Centro de Traballo e Cultura de Cáritas Interparroquial de Santiago, Coordinadora do Barrio de Vite, Cruz Vermella de Santiago, Andaina (Pro-saúde Mental), Acción Contra a Fame, Sarela Asociación de Dano Cerebral de Compostela, Fundación Laboral da Construción de Galicia, Fundación Secretariado Xitano e os Equipos de Inclusión Social de Ames, Arzúa, Noia e Santiago.

Aposta pola economía social e a inserción laboral

Desde a súa vocación de rede, **PLATAFORMA POLO EMPREGO** segue impulsando a coordinación con outras entidades e administracións públicas. Mantén unha colaboración activa cos **Equipos de Inclusión Social** e **outros concellos**, reforzando tamén o seu traballo no desenvolvemento das Empresas de Inserción Laboral en Galicia. Como cofundadora da **Asociación de Empresas de Inserción Laboral**, forma parte de redes estratéxicas como: **Foro de Economía Social**, **Compostela Integra**, **Pacto polo Emprego de Santiago de Compostela**, **Rede Eusumo** (Rede institucional da Xunta de Galicia para a promoción da economía social e o cooperativismo) e **Rede de Técnicos de Emprego e Orientación Laboral da Xunta de Galicia**.

A través destas iniciativas, **PLATAFORMA POLO EMPREGO** continúa fortalecendo o seu compromiso coa inclusión social e laboral, ofrecendo novas oportunidades ás persoas con máis dificultades para acceder a un emprego digno.

PROGRAMA ESTEO

O **PROGRAMA ESTEO** é unha iniciativa innovadora que ofrece un conxunto de actividades orientadas á inserción laboral. O principal obxectivo do programa é **crear e apoiar equipos de persoas desempregadas ou en situación de precariedade laboral**, ofrecéndolles ferramentas de traballo individual e grupal. A través do **adestramento e apoio persoal, orientación laboral e acceso a formación especializada**, búscase capacitar ás persoas participantes, fortalecendo as súas habilidades e competencias para facilitar a súa **inserción sociolaboral** e promover a súa integración plena no mercado de traballo.

A intervención dentro do programa realízase a través dun **sistema aberto e dinámico**, combinando accións de traballo individual e grupal. Mediante unha metodoloxía **proactiva e participativa**, as persoas participantes desenvolven habilidades clave a través de:

- ✓ **Orientación e información laboral**
- ✓ **Desenvolvemento persoal e capacitación para o emprego**
- ✓ **Asesoramento individualizado e acompañamento profesional**
- ✓ **Dinamización grupal para a mellora das competencias laborais**

O factor diferencial do **PROGRAMA ESTEO** radica no **apoyo do grupo e na guía especializada das profesionais da Plataforma polo Emprego**, xerando un espazo colaborativo no que cada persoa mellora as súas habilidades e confianza para acceder ao mercado laboral.

Actividades

- **Apoio técnico especializado:** Atención individual e grupal adaptada ás necesidades de cada persoa.
- **Desenvolvemento de ferramentas para o emprego:** Adquisición de habilidades psicosociais, formación profesional e estratexias de procura de emprego. O grupo mantense activo a través dun grupo de WhatsApp para o intercambio de información e oportunidades laborais.
- **Capacitación en busca de emprego e recursos dixitais:** Creación e mellora de currículos, optimización do uso de TIC e redes sociais para a busca de traballo, formación en estratexias para entrevistas laborais.
- **Estudo e apoio a ideas emprendedoras:** Información, motivación e acceso a formación específica para o desenvolvemento e posta en marcha de proxectos de autoemprego.

Destinatarias/os: persoas desempregadas en situación de vulnerabilidade social e/ou precariedade laboral

Entidades colaboradoras: FUNDACIÓN JOSÉ OTERO-CARMELA MARTÍNEZ



Imaxe das sesións grupais ESTEO 2024



Cartel informativo da actividade

Programa Emerxendo /Programa Achegando

Os Programas **EMERXENDO** e **ACHEGANDO** desenvólvense no marco das Políticas de Inclusión Social da Xunta de Galicia. As actividades realízanse en rede coa participación das entidades que forman a **PLATAFORMA POLO EMPREGO**, entre elas atópanse os equipos de Inclusión Social de Ames, Arzúa, Noia e os Concellos da comarca de Santiago de Compostela.

Obxectivo xeral

Contribuír á integración social de persoas en situación de desemprego e en risco de exclusión social, a través da formación en competencias básicas que permitan mellorar a súa cualificación socioprofesional e así facilitar o seu acceso ao mercado laboral, transversalmente fomentando o achegamento da cultura galega á cultura de cada país das persoas migrantes participantes.

Actividades

➤ ITINERARIOS DE INCLUSIÓN BÁSICA E TRANSICIÓN AO EMPREGO

Contemplan o desenvolvemento de itinerarios individualizados, personalizados e adaptados a cada persoa participante. Esta actuación implica a realización de accións informativas e formativas de asesoramento e orientación para a procura de emprego; acompañamento social e intermediación laboral, logrando así dar respostas - a través dun proceso de aprendizaxe continuo - ás necesidades sociolaborais das persoas integrantes do programa.

➤ FORMACIÓN ADAPTADA DO PROGRAMA EMERXENDO:

- **Curso de preparación de Competencias Clave nivel 2:** formación específica para mellorar as habilidades básicas e facilitar o acceso a certificados de profesionalidade. Durante o ano **2024**, realizáronse **02 cursos** de preparación das competencias claves nos concellos de **Ames e Noia**.

➤ FORMACIÓN ADAPTADA DO PROGRAMA ACHEGANDO:

Achegando, Inmersión Lingüística e Cultural (ILC) contempla o desenvolvemento de actividades para o coñecemento e o estudo histórico-cultural da sociedade galega e española, a través dun proceso de inmersión lingüística que favoreza o desenvolvemento da vida diaria e o uso das linguas oficiais de Galicia. Da mesma maneira, tamén se traballa na adquisición de habilidades comunicativas e sociais e no coñecemento da cultura da localidade de acollida.



Foron realizados **02 Cursos de Inmersión Lingüística e Cultural en Santiago de Compostela**. En colaboración co **Equipo de Inclusión Social de Arzúa**, foi levado a cabo **01** curso de ILC, desta vez, na localidade de **Ordes**.

Persoas destinatarias

As persoas destinatarias son identificadas cos criterios indicados na Lei Galega de Inclusión Social (Lei 10/2013, do 27 de novembro) e/ou persoas que pola súa situación actual poden estar en risco de exclusión social. O número total de persoas beneficiarias dos Programas Emerxendo e Achegando foi de **133** participantes.



Entidades financiadoras:

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE
FONDO SOCIAL EUROPEO (FSE)

Programa INSIRE

O Programa **INSIRE** busca facilitar a inserción sociolaboral de colectivos en situación de vulnerabilidade a través dun enfoque integral que combina orientación, formación e acompañamento individualizado. Para iso, coordina accións con distintas entidades, garantindo unha intervención axustada ás necesidades específicas de cada participante.

Obxectivo xeral:

O Programa INSIRE pretende mellorar as oportunidades de acceso ao emprego de persoas en risco de exclusión social a través de itinerarios personalizados que inclúen asesoramento profesional, capacitación e intermediación laboral, respondendo ás súas particularidades específicas.

Actividades desenvolvidas:

- Diagnóstico individualizado de necesidades e itinerarios personalizados.
- Formación individual e grupal en capacidades laborais, educativas, de saúde e vivenda.
- Coordinación con Servizos Sociais e outros recursos para superar atrancos sociofamiliares.
- Formación presencial en busca de emprego e uso de recursos sociais.
- Adestramento en habilidades sociais e igualdade de xénero.
- Acompañamento profesional, intermediación laboral e formación específica segundo perfís profesionais.
- Información e asesoramento sobre relacións laborais e regularización de situacións de migración.
- Seguimento de itinerarios e apoio en postos de traballo.



Persoas destinatarias: INSIRE atendeu **44** persoas en situación irregular, con baixa cualificación, persoas novas con necesidades de apoio para a inserción sociolaboral e inmigrantes residentes en centros de acollida para solicitantes de Protección Internacional.

Colaboracións e redes de traballo

Para a posta en marcha do programa establecéronse colaboracións con:

- Entidades da Plataforma polo Emprego.
- Centros de ensino medio de Santiago de Compostela: IES Xelmírez II, IES Antón Fraguas, IES Fontiñas, CIFP Compostela e CIFP Santiago.
- ONG RESCATE, que xestiona centros de acollida en Monte do Gozo e Roxos-Silvouta.
- Asociación Xera de tempo libre.
- Redes sociocomunitarias dos barrios de Vite e Fontiñas.

Profesionais: O programa foi desenvolvido por 1 técnico de orientación laboral que levou a cabo as accións de atención, formación e acompañamento das persoas usuarias.

Entidade financiadora: CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CABO DELA

O programa **CABO DELA** é unha aposta decidida pola igualdade de oportunidades e polo empoderamento feminino. Está deseñado para facilitar a inserción sociolaboral das mulleres que, debido ao seu contexto social e/ou familiar, se atopan en situación de risco ou exclusión social. A través dunha serie de accións formativas e acompañamento personalizado, o programa busca non só mellorar as competencias laborais das participantes, senón tamén fomentar a súa autonomía e capacidade para acceder a oportunidades laborais.

Obxectivo xeral:

Promover a igualdade de oportunidades no acceso ao mercado laboral, en especial para as mulleres que enfrontan barreiras significativas debido a factores sociais, económicos ou familiares. Ao proporcionar formación específica e apoio continuado, o programa pretende reducir as desigualdades no ámbito laboral e potenciar a integración efectiva das mulleres na sociedade.

Actividades realizadas en 2024:

- **Itinerarios de adestramento e habilidades para a busca de emprego e apoderamento persoal** : realizáronse diferentes itinerarios de formación e asesoramento destinados a mellorar as competencias para a inserción laboral e fomentar o apoderamento das persoas participantes.
- **Formación especializada:**

- ✓ **Técnicas de mobilización de persoas dependentes no domicilio**: curso dirixido a mellorar as capacidades das persoas coidadoras no ámbito domiciliario (50h)

- ✓ **Curso de preparación de Competencias Clave nivel 2**: formación específica para mellorar as habilidades básicas e facilitar o acceso a certificados de profesionalidade (50h)

- ✓ **Intelixencia artificial e a súa aplicación nas habilidades dixitais**: acción formativa centrada no desenvolvemento de competencias dixitais aplicadas ao contexto laboral (40h)

- **Formación transversal:**

Ao longo do ano 2024, desenvolvéronse diversas accións formativas de carácter transversal, destinadas a reforzar as competencias persoais e profesionais das persoas participantes nos programas de inserción sociolaboral. As principais accións foron:

- ✓ **Apoderamento persoal e igualdade de xénero**: orientado a fortalecer a autonomía e as habilidades sociais das persoas participantes, promovendo a igualdade de oportunidades e a prevención de discriminacións no ámbito laboral e social.
- ✓ **Dispositivos e ferramentas dixitais para a inserción sociolaboral**: destinado a mellorar as competencias dixitais, facilitando o acceso a recursos en liña, a xestión de trámites administrativos e a procura activa de emprego mediante o uso de ferramentas dixitais.
- ✓ **Reforzamento dos sistemas de avaliación e traballo en rede**: fortalecéronse os mecanismos de seguimento e avaliación das accións formativas. Así mesmo, intensificouse a colaboración cos equipos de Inclusión Social da Xunta de Galicia e cos concellos da comarca, favorecendo unha intervención máis coordinada e eficaz.



Entidade financiadora: DEPUTACIÓN DA CORUÑA

ACAROAR

O programa **ACAROAR** está deseñado para fomentar a **igualdade efectiva entre homes e mulleres**, especialmente nas áreas do traballo doméstico e dos coidados. Os seus obxectivos e actividades teñen como fin mellorar as condicións laborais e sociais das mulleres que traballan nestes sectores, promovendo a súa inserción laboral e o acceso a recursos dixitais.

Obxectivos do Programa:

- **Fortalecer e apoderar traballadoras/es do fogar e dos coidados:** a través do apoio e a capacitación, o programa busca mellorar as condicións laborais e sociais destes colectivos.
- **Promoción de emprego de calidade e en condicións dignas:** o programa tamén ten como obxectivo a mellora das condicións de traballo, facendo fincapé en dereitos laborais e seguridade social.
- **Impulsar a igualdade de xénero e a non discriminación múltiple das persoas traballadoras do fogar:** busca erradicar as discriminacións que afectan a estas persoas debido ao seu xénero, orixe ou condición social.
- **Adquisición de recursos dixitais para o desenvolvemento persoal e social das persoas participantes:** ofrece formación e ferramentas para o desenvolvemento de habilidades dixitais, contribuíndo á mellora da súa empregabilidade e participación social.

Actividades

- Itinerarios personalizados de apoio e acompañamento á busca de emprego para traballadoras de fogar e coidados.
- Formación e promoción do acceso e uso das novas tecnoloxías para o emprego.



Persoas destinatarias:

mulleres desempregadas e traballadoras do fogar e coidados que busquen mellorar as súas condicións laborais ou acceder a novas oportunidades de emprego.

Este programa está especialmente orientado a mellorar a situación de vulnerabilidade destas mulleres no mercado laboral, fomentando a súa autonomía e igualdade de oportunidades.



Entidade financiadora:

CONCELLO DE SANTIAGO - Igualdade

COMPOSTELA CONVIVE

O Proxecto **COMPOSTELA CONVIVE** ten como obxectivo fomentar a **integración sociolaboral e cultural das persoas migrantes** en Santiago de Compostela, creando espazos de convivencia e intercambio que faciliten a súa inclusión na sociedade.

Obxectivo xeral:

- Promover a **integración sociolaboral e cultural** das persoas migrantes a través de formación, encontros interculturais e eventos comunitarios.

Actividades:

1. **Formación grupal e titorías personalizadas para o apoio na busca de emprego:**
 - ✓ Adquisición de habilidades básicas para o uso das novas tecnoloxías.
 - ✓ Inmersión lingüística para mellorar a comunicación e facilitar a empregabilidade.
2. **Festival, obradoiros de cociña, encontros e conversatorios interculturais:**
 - ✓ Espazos de convivencia para fomentar o diálogo e o respecto pola diversidade cultural.



Persoas destinatarias:

- **Persoas migrantes** que buscan integrarse social e laboralmente.
- **Cidadanía en xeral**, promovendo a interacción e a sensibilización sobre a diversidade cultural.
- No total, participaron **105 persoas** de maneira directa no proxecto.
- O **X Festival Intercultural** celebrado no Paseo Central da Alameda contou cunha asistencia de máis de **1200 persoas**.

Este proxecto contribúe a unha cidade máis inclusiva e diversa, fomentando a igualdade de oportunidades e a participación activa das persoas migrantes na vida social e económica de Santiago de Compostela.

Entidade financiadora: CONCELLO DE SANTIAGO - Concellaría de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude, a través da UAMI

PACTO LOCAL POLO EMPREGO

O Pacto Local polo Emprego é unha iniciativa promovida pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego, Mercados e Comercio do Concello de Santiago de Compostela para, en colaboración con entidades do tecido económico e social, desenvolver actividades que favorezan a creación de emprego estable e de calidade na cidade.

Participantes: Concellaría de Emprego e Igualdade (Concello de Santiago de Compostela), Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre, Asociación de Empresarios de Hostalería de Santiago e a súa Comarca, Universidade de Santiago de Compostela, Comisións Obreiras, Unión Xeral de Traballadores e Asociación Plataforma polo Emprego.

Obxectivo xeral: mellorar as **competencias formativas e sociolaborais** das persoas desempregadas, facilitando o seu acceso ao mercado laboral.

Persoas destinatarias:

- **Persoas en situación de desemprego.**
- Persoas con **dificultades para incorporarse ao mercado de traballo**, pertencentes a colectivos en risco de exclusión ou con barreiras específicas para o acceso ao emprego.

Actividades

- Curso de preparación de **Competencias Clave** nivel 2: formación específica para mellorar as habilidades básicas e facilitar o acceso a certificados de profesionalidade.
- Formación “**Técnicas de mobilización de persoas dependentes no domicilio**”: curso dirixido a mellorar as capacidades das persoas coidadoras no ámbito domiciliario.
- **Píldoras formativas** de orientación laboral personalizada. TALENTIA SUMMIT 2024, accións de orientación e capacitación enmarcadas dentro dun evento de referencia en talento e emprego.



Formación para Persoas Migrantes e Colaboración cos Centros de Acollida

Durante o ano 2024 desenvolvéronse diversas formacións dirixidas a persoas migrantes, co obxectivo de mellorar as súas competencias lingüísticas, tecnolóxicas e sociais, facilitando así a súa integración na sociedade e no mercado laboral. Para a súa difusión e acceso, establecéronse contactos cos centros de acollida de persoas refuxiadas de **Monte do Gozo e Roxos-A Silvouta**, promovendo a participación activa das persoas aloxadas nestes dispositivos.

As principais formacións desenvolvidas foron:



- **Curso “Comunicación, tecnoloxía e competencias sociais para persoas migrantes”:** formación centrada en mellorar as habilidades comunicativas, o manexo de ferramentas tecnolóxicas básicas e o desenvolvemento de competencias sociais clave para a integración sociolaboral.
- **Curso “Ferramentas básicas para a procura de emprego”:** acción formativa orientada a dotar ás persoas migrantes dos coñecementos fundamentais para a busca activa de emprego, a elaboración de currículos e a preparación de entrevistas laborais.
- **Curso de Inmersión Lingüística a través das TIC para persoas migrantes:** programa formativo que combina o uso das novas tecnoloxías coa aprendizaxe do idioma, facilitando a adquisición de competencias lingüísticas necesarias para a comunicación cotiá e o acceso ao emprego.

A colaboración cos centros de acollida permitiu unha maior difusión destas accións e un acompañamento máis efectivo das persoas participantes, favorecendo o seu proceso de integración social e laboral.

Entidade financiadora: CONCELLO DE SANTIAGO – Departamento de Emprego

SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL COLABORACIÓN CO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA

O Servizo Público de Emprego de Galicia, a través dunha rede de orientadores/as laborais, pon á disposición das persoas demandantes de emprego diversas ferramentas para mellorar o seu acceso ao mercado laboral. Esta colaboración permite realizar un acompañamento personalizado e específico durante o proceso de inserción laboral.

Obxectivo xeral:

Facilitar a inserción laboral das persoas desempregadas, tendo en conta tres variables fundamentais: **dispoñibilidade**, **ocupabilidade** e **empregabilidade**, co fin de mellorar a competitividade e adaptación das persoas demandantes ao mercado laboral actual.

Actividades realizadas:

- ✓ Diagnóstico individualizado e elaboración de perfil profesional
- ✓ Deseño e acompañamento de itinerario personalizado para o emprego
- ✓ Asesoramento e información en materia de emprego
- ✓ Apoio para o emprendemento


Persoas destinatarias:

Persoas en situación de desemprego que requiren apoio e orientación para mellorar as súas posibilidades de inserción laboral ou para desenvolver iniciativas de emprendemento.

Entrevistas realizadas:


Un total de **546 entrevistas** realizadas ao longo do ano 2024, nas que se proporcionou orientación, apoio e información relevante sobre as diferentes oportunidades laborais e recursos dispoñibles.

Entrevistas Realizadas



Mulleres: 346 Homes: 200 Total: 546

Itinerarios Personalizados



Mulleres: 56 Homes: 40 Total: 96

Entidade colaboradora: CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA

TRABALLO DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL PROGRAMA DE COOPERACIÓN

A través dos **Programas de Cooperación da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade, PLATAFORMA POLO EMPREGO** contou con **01 traballadora social** na súa oficina en Santiago de Compostela durante 9 meses no ano 2024.

As principais funcións realizadas nesta etapa inclúen:


- A avaliación das necesidades e demandas das persoas usuarias.
- O deseño de plans individuais de intervención, así como o seu desenvolvemento, seguimento e avaliación.
- A orientación laboral.
- A xestión da organización e funcionamento interno da entidade.



PROMOCIÓN DO EMPREGO E O EMPRENDEMENTO

Neste servizo, céntranse dúas áreas diferenciadas e complementarias:


1. **APOIO E ORIENTACIÓN PARA O EMPRENDEMENTO:** A través da Área de Promoción do Emprego e do Emprendemento, ofrécese apoio integral para novas iniciativas empresariais, ofrecendo tanto información como asesoramento especializado. Este apoio inclúe a guía no desenvolvemento de plans de negocio, a análise da súa viabilidade, e o acompañamento na procura de fontes de financiamento. Ademais, establécese un sistema de mentoría individualizada co fin de fomentar o autoemprego, con especial atención aos colectivos que se atopan en risco ou situación de exclusión social.



As actividades que se desenvolven neste eido están financiadas pola Consellería de Emprego e Igualdade



CONSULTAS
ATENDIDAS



PROXECTOS
ASESORADOS



ENTIDADES
COLABORADORAS NA
FINANCIACIÓN DE
PROXECTOS
EMPRESARIAIS

2. SERVICIO DE FOMENTO E PROMOCIÓN DE EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL:

Este servizo ten como principal responsabilidade o deseño e a posta en marcha de accións orientadas á difusión, visibilización e sensibilización sobre a importancia das Empresas de Inserción Laboral (EIL) como ferramentas clave na integración laboral de persoas en situación ou risco de exclusión social. As EIL, como parte da economía social, representan un modelo empresarial baseado na inclusión e na solidariedade, facendo fronte aos retos sociais e creando oportunidades de emprego para aqueles colectivos máis vulnerables.

Dentro das súas funcións, o servizo desenvolve unha serie de accións formativas dirixidas a mellorar as competencias tanto de persoas que desexan iniciar un proceso de emprendemento dentro do modelo de inserción, como de profesionais que desexen especializarse en xestionar empresas de inserción. Ademais, organiza xuntanzas informativas e de asesoramento para dar a coñecer o funcionamento e as vantaxes das EIL, así como para proporcionar apoio ás persoas emprendedoras que queiran crear ou liderar este tipo de empresas. Asemade, o servizo tamén se ocupa de ofrecer asesoramento continuo e personalizado durante todo o proceso de creación dunha EIL, e realiza accións de intermediación laboral co obxectivo de facilitar a inserción laboral das persoas que forman parte destas empresas en empresas ordinarias, buscando o seu pleno acceso ao mercado laboral convencional.

A labor informativa e de sensibilización inclúe tamén a organización de xuntanzas institucionais coas entidades públicas e privadas, co fin de fomentar a colaboración e a creación de redes que apoién a economía social e solidaria. O servizo tamén organiza xuntanzas informativas dirixidas ao tecido empresarial para informar sobre as vantaxes de contratar persoas en situación ou risco de exclusión social, facendo fincapé nas axudas e incentivos fiscais existentes para aquelas empresas que decidan incorporar ao seu cadro de persoal a traballadores de colectivos vulnerables. A través destas actividades, a Plataforma polo Emprego promove o cambio de mentalidade nas empresas ordinarias, incitándoas a ser máis inclusivas e a ofrecer oportunidades de emprego a quen máis o necesita.

Ademais, o servizo está comprometido coa busca constante de novas oportunidades empresariais para fomentar o crecemento das Empresas de Inserción Laboral, expandindo o seu volume de actividade e a súa capacidade de inserción. Neste sentido, levan a cabo accións diversificadas, como a exploración de novos nichos de mercado, a creación de novos produtos e servizos ou a ampliación de redes de colaboración e apoio institucional, coa intención de mellorar a súa sustentabilidade económica e ampliar o seu impacto social.

Un dos exemplos máis destacados neste campo é a empresa de inserción laboral Compostela Inserta, un referente pioneiro en Galicia. Neste ámbito, a Asociación Plataforma polo Emprego coordina e apoia de forma activa tódalas accións relacionadas co desenvolvemento e a expansión deste proxecto empresarial, consolidándoo como un modelo exemplar de integración laboral e apoio á economía social. A entidade tamén traballa na expansión deste modelo de inserción a través de diversas accións que contribúan a que **Compostela Inserta** sexa un referente para outras EILs a nivel nacional.



COMPOSTELA INSERTA COMO EMPRESA

Ofrece servizos no mercado, promovendo a xeración de actividade económica e riqueza, sempre no marco da economía social e circular da nosa comunidade.

SEN ÁNIMO DE LUCRO

De acordo coa normativa autonómica actual, Compostela Inserta opera como unha entidade sen ánimo de lucro. Así, de maneira obrigatoria, os posibles excedentes xerados en cada exercicio deberán destinarse á mellora ou ampliación das infraestruturas produtivas, ou á promoción de actividades destinadas á inserción sociolaboral.

COMPOSTELA INSERTA COMO SOCIEDADE LIMITADA

A pesar de ser unha entidade sen ánimo de lucro, Compostela Inserta adopta a forma xurídica dunha sociedade limitada (SL) co obxectivo de cumprir co requisito legal de constituírse baixo unha das formas xurídicas previstas no ordenamento xurídico para a produción de bens e/ou a prestación de servizos. Este modelo xurídico tamén reflicte a súa intención de medrar e expandir a súa actividade, asegurando así a súa sustentabilidade e capacidade de xerar impacto positivo na comunidade.

FINALIDADE SOCIAL – PONTE AO MERCADO LABORAL

Compostela Inserta desempeña un papel fundamental como ferramenta de inclusión social, permitindo a incorporación ao mercado laboral de persoas en situación ou risco de exclusión social. Actúa como unha verdadeira ponte cara ao mercado laboral ordinario, facilitando o acceso a oportunidades de emprego mediante itinerarios de inserción personalizados. Estes itinerarios inclúen formación profesional, o desenvolvemento de hábitos sociais e laborais, así como un acompañamento social constante, todo co obxectivo de garantir unha integración próspera e duradeira no mundo do traballo. A través destas accións, Compostela Inserta contribúe á creación de oportunidades reais e accesibles para persoas que, doutro xeito, poderían quedar excluídas do mercado laboral.

SERVIZOS DE INTERESE ECONÓMICO XERAL E ECONOMÍA SOCIAL

Compostela Inserta, como calquera outra EIL, é unha Entidade Prestadora de Servizos de Interese Económico Xeral (art. 5 da Lei 5/2011, de 30 de setembro) e ao mesmo tempo forma parte da Economía Social regulada na Lei 6/2013 de 4 de maio.

PERSOAS BENEFICIARIAS e ACOMPAÑAMENTO COMO MODELO DE INTERVENCIÓN

Compostela Inserta traballa directamente con persoas pertencentes a colectivos en situación ou risco de exclusión social, sendo estas as principais beneficiarias das súas actividades. A figura do acompañamento, como modelo de intervención, é fundamental no seu enfoque, sendo utilizada para abordar e resolver os problemas específicos que xorden debido á situación de exclusión social.

A través deste acompañamento personalizado, as persoas reciben apoio constante e adaptado ás súas necesidades, facilitando a súa integración social e laboral e garantindo un proceso de inclusión máis eficaz e sostible.



RETORNO Á ADMINISTRACIÓN

Como Empresa de Inserción Laboral (EIL), Compostela Inserta xoga un papel clave na transformación das políticas pasivas en políticas activas de emprego, creando oportunidades reais para persoas en situación ou risco de exclusión social. Ao fomentar a inclusión laboral e social, non só mellora a vida das persoas que forman parte destas iniciativas, senón que tamén ten un impacto positivo nas comunidades e nas administracións públicas. A través da creación de postos de traballo, Compostela Inserta permite que colectivos vulnerables accedan a oficios e habilidades que lles abren portas ao mercado laboral ordinario, mellorando as súas condicións de vida e a súa estabilidade económica.



Ademais, ao actuar dentro do marco da economía social, Compostela Inserta contribúe á xeración de valor social, que se traduce en beneficios tamén para as administracións públicas. A súa labor permite que os recursos destinados á inclusión e á reinserción laboral sexan aproveitados de forma máis eficiente, aumentando a rendibilidade das inversións públicas. Ao ofrecer unha alternativa á exclusión social e á dependencia de axudas pasivas, promove a integración activa de persoas no mercado laboral, reducindo a súa necesidade de apoio social e incrementando a súa autonomía. Este proceso, a súa vez, mellora a cohesión social e fortalece a sustentabilidade dos territorios onde as EIL operan, facendo que as políticas públicas sexan máis efectivas e beneficiando á sociedade no seu conxunto.

SERVIZO DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN PROFESIONAL

Ofrecemos servizos profesionais de limpeza e mantemento para empresas, oficinas, comunidades de propietarios e establecementos comerciais, tanto de forma diaria como semanal. Os nosos servizos abrangue todo tipo de necesidades, desde a limpeza de cristais ata a limpeza de obra, adaptándonos ás especificidades de cada cliente e asegurando un alto estándar de calidade.

TRANSPORTES DE MERCADORÍAS E MONTAXES DE EXPOSICIÓNS

Compostela Inserta ofrece servizos profesionais de transporte de mercadorías, tanto para clientes particulares como para administracións públicas, garantindo un servizo de calidade totalmente personalizado para satisfacer as necesidades específicas de cada cliente.



RECOLLIDA E TRANSPORTE DE ACEITE VEXETAL USADO

Desde os seus inicios, Compostela Inserta comprometeuse coa prestación do servizo de recollida e transporte de aceite vexetal usado (aceite de cociña) tanto para a veciñanza como para entidades profesionais de diferentes sectores, como a hostalaría, a restauración ou a educación, principalmente nas provincias da Coruña e Pontevedra. Co obxectivo de fomentar a Economía Social, o aceite recollido nos distintos locais e puntos de recollida xestionados por Compostela Inserta será destinado á valorización final na Cooperativa Mulleres Colleiteiras, unha entidade social promovida por Arquitectos sen Fronteiras. Neste sentido, Compostela Inserta comparte coa cooperativa o compromiso de loitar contra a exclusión social, creando unha cadea de valor que beneficia tanto ao medio ambiente como á comunidade.



ACONDICIONAMENTO DE LOCAIS E VIVENDAS PARTICULARES



REPARTO DE MATERIAIS EN CAMPAÑAS DAS ADMINISTRACIÓNS



TRABALLO EN REDE E ACCIÓN SOCIAL

Participante das accións pola Dignificación do Emprego do Fogar e Promoción do Asociacionismo

A Asociación “Xiara” de traballadoras do fogar e dos coidados nace no ano 2004, como froito dunha serie de accións de sensibilización promovidas pola *Plataforma pola Dignificación do Emprego do Fogar*, composta por diversas organizacións sociais e sindicais. Esta rede, que se conformou no ano 2001, ten como obxectivo fundamental mellorar as condicións laborais e sociais das persoas traballadoras do fogar - un sector que, ao longo dos anos, viu como as súas demandas eran ignoradas ou minimizadas.



A **PLATAFORMA POLO EMPREGO** foi a entidade que liderou este movemento, impulsando a creación de asociacións como XIARA que teñen contribuído significativamente á visibilización dos dereitos das traballadoras e ao cambio na percepción social sobre o traballo doméstico e de coidados.



Obxectivo principal:


O obxectivo fundamental da Asociación XIARA é a transformación das condicións sociolaborais das persoas traballadoras do fogar en Galicia. A través de diversas iniciativas e actividades, a asociación traballa para mellorar a situación deste colectivo, ofrecendo apoio en múltiples áreas, como a asesoría laboral, a formación e a sensibilización social.

Principais actividades desenvolvidas en 2024:

A Asociación XIARA mantivo un compromiso firme na defensa dos dereitos laborais das traballadoras do fogar, con actividades clave que abarcaron diferentes ámbitos:

1. **Asesoría sociolaboral e orientación profesional:** proporcionouse apoio individualizado tanto ás traballadoras como ás empregadoras, orientando sobre as súas dereitos e deberes laborais, a xestión de contratos e a mellora das condicións laborais.
2. **Actividades formativas e de sensibilización:** desenvolvéronse diversas accións formativas, como cursos, talleres e seminarios, para mellorar as competencias laborais das traballadoras do fogar e fomentar a sensibilización sobre a importancia e dignificación do sector.
3. **Dinamización e creación de espazos de encontro:** a Asociación organizou espazos abertos e participativos, tanto presenciais como virtuais, para fomentar o debate, a cooperación e a creación de redes entre traballadoras, empregadoras e outras organizacións sociais.
4. **Difusión cultural e social:** a través de colaboracións con outras organizacións de Galicia e do Estado, a Asociación participou en actividades culturais, sociais e de visibilización que contribuíron á difusión das problemáticas do colectivo e á súa inclusión nas políticas públicas.

Estas accións non só tiveron un impacto directo nas traballadoras do fogar, senón que tamén axudaron a sensibilizar á sociedade e a promover cambios nas políticas públicas que afectan a este sector.



Unha rede de apoio e sensibilización

O **Foro Galego de Inmigración** está conformado por diversas entidades de carácter social, sindical e político, cun obxectivo principal: sensibilizar á sociedade sobre a realidade das persoas migrantes e emigrantes retornadas, promovendo a súa integración e defendendo os seus dereitos. Ao longo dos anos, esta rede converteuse nun espazo fundamental para o diálogo, a denuncia e a promoción de políticas inclusivas en Galicia.

Principais actividades realizadas:

Durante o ano 2024, o Foro desenvolveu numerosas accións enfocadas na visibilización, formación e creación de espazos de encontro, entre as que destacan:

- **29 de febreiro - 2 de marzo:** Semana de Loita contra as Fronteiras "*Racismo no sistema educativo*", coa participación da activista **Rioko Fotabon**.
- **15 de xuño:** Encontro sobre traballo doméstico – "*Hablemos de cuidados desde nuestros cuerpos*", no Centro Social Maruxa e Coralia (Santiago de Compostela), con **Carolina Elías** (Concelleira en Madrid) e as entidades **SEDOAC e XIARA**.
- **Festival Intercultural en Santiago (08 de setembro)**
Dentro do *Programa Compostela Convive*, o Foro organizou un festival na Alameda de Santiago. Este evento, pensado como un espazo de encontro e lecer para familias, promoveu a interculturalidade a través da música, a gastronomía e diversas actividades participativas.
- **Conversatorios con poboación migrante**
Ao longo do ano realizáronse encontros e conversas con persoas migrantes sobre temas clave como os dereitos laborais, o acceso a servizos públicos e os coidados. Estes espazos permitiron compartir experiencias, identificar problemáticas comúns e propoñer solucións colectivas.
- **Colaboración en redes de defensa de dereitos sociais**
 - **Rede Galega en Defensa do Dereito á Saúde:** o Foro participou activamente nesta plataforma reivindicando o acceso universal e igualitario á sanidade pública.
 - **Rede en Defensa das Persoas Refuxiadas:** como parte desta rede, contribuíu á visibilización da realidade das persoas refuxiadas en Galicia e á denuncia das políticas migratorias restritivas.
 - **Rede Estatal polo Dereito ao Empadramento:** o Foro colaborou nesta rede estatal que loita polo dereito ao empadramento como un mecanismo esencial para garantir o acceso a dereitos básicos como a saúde, a educación e a protección social.
 - **Grupo Compostela por Palestina:** O Foro sumouse a este colectivo compostelán que traballa na visibilización da causa palestina, denunciando a vulneración dos dereitos humanos e promovendo accións de solidariedade internacional.
- **Recoñecemento ao traballo do Foro:** o día 25 de xullo, o **Foro Galego de Inmigración** recibiu o **premio Alba de Compostela**, un galardón que recoñece o seu compromiso coa defensa dos dereitos das persoas migrantes e a promoción dunha sociedade máis xusta e inclusiva.




Todas estas accións reflicten o compromiso do Foro Galego de Inmigración coa xustiza social, a igualdade de dereitos e a construción dunha sociedade máis inclusiva e diversa.

DATOS DAS ACTIVIDADES E PROGRAMAS REALIZADOS 2024

Do rexistro levado a cabo na realización dos **PROGRAMAS EMERXENDO/ACHEGANDO** e **PROGRAMA INSIRE** obtéñense os seguintes datos:

NÚMERO TOTAL DE PARTICIPANTES

O número total de participantes que seguen de alta no ano 2024 son **1.059** dos cales **216** son as novas persoas usuarias rexistradas.




Do total de participantes, **676** son **mulleres** fronte a **383** que son **homes**, e das **216** novas persoas usuarias neste ano, **136** foron **mulleres** e **80** homes.

En función da idade, nacionalidade, nivel académico e procedencia das persoas participantes clasifícanse os datos da seguinte maneira:

IDADE

En canto á idade, podemos observar que o maior número de usuarios ocupando unha cifra de **521** son as persoas que se atopan entre os **36 e os 54** anos sendo as **mulleres 350** do total e os **homes 171**.


O menor número de participantes está formado polas persoas que teñen **menos de 25** anos cunha cifra de **89** habendo mais **homes (49)** que **mulleres (40)**.



NACIONALIDADE

Segundo a nacionalidade, clasifícanse en persoas nacionalizadas de Europa, América, África e Asia. As persoas nacionalizadas a súa vez distínguense en persoas procedentes de Galicia, do Resto do estado e Outros.


A maior parte das persoas usuarias proceden de **América**, sendo estas **476** do total, seguidas das procedentes de **Galicia** cunha cifra de **275**. O menor número de persoas proceden de **Asia (6)** e **Europa (24)**.



NIVEL ACADÉMICO

A clasificación en función do nivel académico divídese en: sen estudos ou estudos sen homologar, estudos primarios, estudos secundarios e estudos superiores.


A maior parte das persoas usuarias non teñen estudos ou teñen estudos sen homologar (**507**), seguido das persoas que teñen estudos primarios e secundarios (**250 e 233** respectivamente) e por último as persoas con estudos superiores (**69**).



PROCEDENCIA DAS PARTICIPANTES

En función da maneira na que as persoas encontrasen a Asociación xa sexa por iniciativa persoal ou por outras entidades ou persoas clasifícase a procedencia das persoas participantes.


Do total das **1.059** persoas participantes, a procedencia de **567** persoas foi a través de outras persoas participantes, **189** de **Cáritas**, **98** por **iniciativa persoal**, **66** do Concello de **Santiago de Compostela**, **79** por **outros departamentos** da Plataforma, **27** por **Cruz Vermella** e a través de outras entidades **133**.



INCORPORACIÓNS AO MERCADO DE TRABALLO

No ano 2024, a **Plataforma polo Emprego** registrou un total de **337** incorporacións ao mercado laboral. O Servizo Público de Emprego foi responsable de **184**; Inclusión Social de **89**; o Programa Insire de **43** e Compostela Inserta de **21** insercións.

En canto á distribución por xénero, **198** das persoas contratadas foron **mulleres** e **139**, **homes**.



En resumo, salientamos o elevado número de persoas usuarias no ano 2024 que, xunto coas de anos anteriores, conforman a poboación á que se dirixe o labor da **ASOCIACIÓN PLATAFORMA POLO EMPREGO**. A entidade desempeñou un papel fundamental no proceso de reinserción laboral de moitas delas, facilitando a súa incorporación ao mercado de traballo. A través da coordinación e colaboración con outras entidades, fomentouse a inserción laboral das persoas en risco de exclusión social, creando novas oportunidades mediante formacións e habilitando espazos de encontro sociolaborais.

PLATAFORMA POLO EMPREGO expresa o seu agradecemento a todas as entidades públicas e privadas, así como ás persoas que, de maneira continua ou puntual, colaboraron coa asociación para promover a integración sociolaboral de colectivos en situación de vulnerabilidade.

Así mesmo, **PLATAFORMA POLO EMPREGO** agradece a todas as persoas que participaron nas actividades e proxectos desenvolvidos pola entidade ao longo do ano 2024.

FINANCIAMENTO Concedido 2024

ORGANISMO	CONTÍA
XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais	51.161,96 €
XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego	28.000,00 €
XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE Dirección Xeral de Inclusión Social	131.158,89 €
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	29.800,00 €
DEPUTACIÓN DA CORUÑA	10.709,55 €
FUNDACIÓN JOSÉ OTERO-CARMELA MARTÍNEZ	2.250,00 €
FUNDACIÓN "LA CAIXA"	4.000,00 €



Plataforma polo Emprego
G 15795818

Rúa Concheiros, 33 1º andar
CP 15703 Santiago de Compostela
A CORUÑA

981 580 506
info@plataformapoloemprego.org